
II Festival da Poesia Condado 82.



Salvaterra 23 de Maio.

S. C. D. CONDADO

Edita: S. C. D. CONDADO
Salvaterra de Miño
Depósito Legal VG. 168 — 1982

Margarita Ledo

Aqueles libros de poemas son algo máis que uns versos ambigüos, eco de conflictos, de interpretacións das cousas entre voluntarista e queréndose transformadora. Son a tradución do sentimento galego que se apousaba nunha opción de clase a xermolar —tempo da escola de periodismo en Barcelona e das manifestacións contra o Consello de Burgos— e o esforzo para que serviran de vencello co que, por algún lado, polo país adiante, tiña que haber, da man dunha referencia obrigada, dunha ponte nosa, a coleción «Val de Lemos», en Monforte, con Manuel. Era o ano 70. Son uns versos propios dos que inda reivindico algúns ou o caderno que se titulou «O Corvo érguese cedo». Poesía menos descriptiva que conceptual, con escasa apoiatura literaefila, creo que comunicativa. Con intención estética, como diría o Reixa.

Despois veu a falta de tempo (sicolóxico) para a creación literaria. Anos de militancia maior, o exilio, pensar que unha nunca podería dar no quid da literatura directa, coxuntural, popular, encerrarnos na observación do cotidiano, na crónica de prensa ou na entrevista, a importancia de ter medios de información nacional galegos e, tamén, cerciorarse de que a literatura ten unha base de feitos materiais —próximos e históricos— pero que esixe determinado rendemento comunicativo para ser literatura. Optar pola lectura múltiple, expresiva, aberta; pola forma como contido; aprender que desde os simbolistas os blancos, o tempo que leva ler, a des-orde son parte da linguaxe; reivindicar a propia decisión creativa, os riscos, que non guste, que guste, que agreda, que non me guste ou este **revival** do Mariscal Pardo de Cela e dos muitos traidores que se alongan até nós. Para Antón, o Cid e Pelos.

Margarita Ledo Andión. Castro de Rei, 1951. Dous libriños de poemas editados no 70 e no 73. Pezas soltas actuais por diferentes publicacións.

VITIMA OU CULPABEL

Miradeo ben.
Ten a presa do delator
a parsimonia do tendeiro
a duplicidade do esquirol
dá as apertas á mitade
e pousa logo de soerguer o vó
Miradeo ben.
Na ponte dos enganos
na cela de Alexandre
e nas beiras do mundo
parede do cementerio vello
que ouvía Pimentel en desespero
Miradeo ben odiando o viño novo.

Compostela, 1980

A DONA DO SEÑOR DE CELA DEIXA A MONTANA NORORIENTAL

qué fontes brincarán as suas augas
para as mans do señor que as agarime
amado até a ternura da camelia
e dos vales altivos que nos unen
que lúa velará namentras velas
da traición os acenos e a esperanza
amigo para o que frorece a estrela
e se alonga o mencer polo campo do oso
voume de ti a quererte na súplica
e reclamo perdón en terra allea
perdón dos que perdoan con deleite
voume de ti e si hei de che ver morto
ou digo asesiñado
no meu ventre se estiñan as cereixas

Compostela, 1980



Lamazares